

NOVAS DE ENSINO



Do 26 de outubro ao 02 de novembro

2016

CSI-F
Estamos **X**ti



Orgulhoso
de ser docente



NOVAS DE ENSINO



Do 26 de outubro ao 02 de novembro de 2016

ÍNDICE:

1. CONCURSO DE TRASLADOS
2. NOVAS SECCIÓNS BILINGÜES NO CURSO 2016/17
3. BOLSA DE PROFESORES ESPECIALISTAS PARA O CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR DE MANTEMENTO AEROMECÁNICO
4. PROPOSTA DE CONCESIÓN DAS BOLSAS DESTINADAS AO ALUMNADO DAS UNIVERSIDADES DO SUG QUE PARTICIPA EN PROGRAMAS DE MOBILIDADE
5. BENEFICIARIOS E IMPORTES DAS AXUDAS CONCEDIDAS AO ABEIRO DA ORDE DO 10 DE MARZO DE 2016 EN MATERIA DE ARQUIVOS
6. BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DAS AXUDAS PARA A ACREDITACIÓN, ESTRUTURACIÓN E MELLORA DE CENTROS DE INVESTIGACIÓN
7. PROXECTOS DE FORMACIÓN PARA O PROFESORADO DE FP PARA O CURSO 2016/2017
8. FORMACIÓN
9. AMPLIACIÓN DE TITULACIÓN E NOVO PRAZO PARA INTERINIDADES E SUBSTITUCIÓN DE SISTEMAS E APLICACIÓN INFORMÁTICAS
10. 5º CONCURSO DE CÓMIC TORRENTJOVE

NOVAS DE ENSINO



Do 26 de outubro ao 02 de novembro de 2016

1. CONCURSO DE TRASLADOS



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CONCURSO DE TRASLADOS PARA O PROFESORADO DOS CORPOS DE CATEDRÁTICOS, PES, PT, EOI, EAA E OA, CMUS, MESTRES, INSPECTORES AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA E INSPECTORES DE EDUCACIÓN PARA O ANO 2017

Xúntase a Orde do 14 de outubro de 2016 pola que se convoca concurso de traslados entre persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de Educación.

• O prazo de presentación de solicitudes e documentos será desde o día 8 de novembro de 2016 ao 28 de novembro de 2016, ambos os dous incluídos. Finalizado este prazo non se

admitirá ningunha nova solicitude nin a modificación das presentadas.

Xúntase o Anuncio do 24 de outubro de 2016, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a publicación das puntuacións provisionais e a relación de excluídos provisionais nas especialidades, do corpo de profesores de música e artes escénicas, de Acordeón (594401), Clave (594405), Instrumentos da Música Tradicional e Popular (Gaita) (594413), Instrumentos de Corda Pulsada do Renacemento e do Barroco (594417), Órgano (594420) e Dirección de Orquestra (594421), (Diario Oficial de Galicia do 5 de outubro).

- **Próxima publicación no DOG**
- **Prazo de reclamación de dez días naturais, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG**

Para máis información preme aquí:

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es




NOVAS DE ENSINO



Do 26 de outubro ao 02 de novembro de 2016

2. NOVAS SECCIÓNS BILINGÜES NO CURSO 2016/17

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



RESOLUCIÓN DO 27 DE SETEMBRO DE 2016, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA, POLA QUE SE FAI PÚBLICA A AUTORIZACIÓN DE NOVAS SECCIÓNS BILINGÜES NO CURSO 2016/17 en centros sustentados con fondos públicos de ensino non universitario reguladas pola Orde do 12 de maio de 2011.

A Orde do 12 de maio de 2011 (DOG do 20 de maio) regula as seccións bilingües en centros sustentados con fondos públicos.

Finalizado o procedemento establecido na citada orde para a autorización de seccións bilingües, procédese a facer pública a relación de novas seccións bilingües autorizadas a partir do curso 2016/17, segundo o disposto no artigo 12.2.

En consecuencia, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

[Para máis información preme aquí:](#)

3. BOLSA DE PROFESORES ESPECIALISTAS PARA O CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR DE MANTEMENTO AEROMECÁNICO

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



CONVOCATORIA DUNHA BOLSA DE PROFESORES ESPECIALISTAS PARA O CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR DE MANTEMENTO AEROMECÁNICO A IMPARTIR NO CIPF AS MERCEDES DE LUGO

Xúntase a Resolución do 18 de outubro de 2016 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca bolsa de profesores especialistas para o ciclo formativo de grao superior de Mantemento Aeromecánico a impartir no CIPF As Mercedes de Lugo.

Próxima publicación no DOG

Prazo: de presentación das solicitudes e da documentación que a estas se achegue **será de dez días naturais**, contados a partir do día seguinte ao de publicación desta Resolución no Diario Oficial de Galicia.

[Para máis información preme aquí:](#)

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es




NOVAS DE ENSINO



Do 26 de outubro ao 02 de novembro de 2016

4. PROPOSTA DE CONCESIÓN DAS BOLSAS DESTINADAS AO ALUMNADO DAS UNIVERSIDADES DO SUG QUE PARTICIPA EN PROGRAMAS DE MOBILIDADE

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



PROPOSTA DE CONCESIÓN DAS BOLSAS DESTINADAS AO ALUMNADO DAS UNIVERSIDADES DO SUG QUE PARTICIPA EN PROGRAMAS DE MOBILIDADE CON PAÍSES EXTRACOMUNITARIOS NO CURSO 2016/2017

De acordo co establecido nas bases da convocatoria, a Comisión Avaliadora acordou, con data 26 de outubro de 2016, elevar ó Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a seguinte proposta de concesión de bolsas destinadas ao alumnado das universidades do Sistema univesitario de Galicia que participan en programas de mobilidades con países extracomunitarios no curso 2016/2017.

Esta listaxe faise pública exclusivamente a efectos informativos. Proximamente publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a correspondente orde de resolución.

[Para máis información preme aquí:](#)

5. BENEFICIARIOS E IMPORTES DAS AXUDAS CONCEDIDAS AO ABEIRO DA ORDE DO 10 DE MARZO DE 2016 EN MATERIA DE ARQUIVOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AXUDAS

RESOLUCIÓN DO 17 DE OUTUBRO DE 2016 POLA QUE SE PUBLICAN OS BENEFICIARIOS E IMPORTES DAS AXUDAS CONCEDIDAS AO ABEIRO DA ORDE DO 10 DE MARZO DE 2016 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS QUE REXERÁN AS AXUDAS DESTINADAS Á COLABORACIÓN NO FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE ARQUIVOS E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2016.

En cumprimento do disposto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 11 da Orde do 10 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2016, procédese á publicación dos adxudicatarios.

O obxecto da convocatoria son as axudas destinadas á mellora dos arquivos de Galicia, garantindo unha custodia responsable e o acceso dos cidadáns aos documentos.

NOVAS DE ENSINO



Do 26 de outubro ao 02 de novembro de 2016

A finalidade da axuda son as actividades que teñan por obxecto ben a organización de fondos documentais dos arquivos galegos e o seu tratamento arquivístico, ben a dixitalización do patrimonio documental custodiado en arquivos galegos.

Os beneficiarios son as universidades galegas, concellos e entidades sen fin de lucro de Galicia que figuran no anexo desta resolución.

Norma reguladora: Orde do 10 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (DOG núm. 65, do 6 de abril).

Crédito orzamentario: setenta e sete mil setecentos corenta euros (77.740 €) con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016 nas seguintes aplicacións orzamentarias: 10.20.432A.744.4, 10.20.432A.760.0 e 10.20.432A.781.0.

Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso de reposición no prazo dun mes desde a súa notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

[Para máis información preme aquí:](#)

6. BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DAS AXUDAS PARA A ACREDITACIÓN, ESTRUTURACIÓN E MELLORA DE CENTROS DE INVESTIGACIÓN

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

axudas

ORDE DO 20 DE OUTUBRO DE 2016 POLA QUE SE MODIFICA A ORDE DO 11 DE AGOSTO DE 2016 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DAS AXUDAS PARA A ACREDITACIÓN, ESTRUTURACIÓN E MELLORA DE

CENTROS DE INVESTIGACIÓN SINGULARES E AGRUPACIÓNS ESTRATÉXICAS CONSOLIDADAS DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA, COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER), NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O EXERCICIO 2016.

Mediante a Orde do 11 de agosto de 2016 (Diario Oficial de Galicia número 164, do 31 de agosto), a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convocou as axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación singulares e agrupacións estratéxicas consolidadas do Sistema universitario de Galicia.

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



NOVAS DE ENSINO



Do 26 de outubro ao 02 de novembro de 2016

O artigo 5 da dita orde detalla a duración das axudas e o importe máximo segundo sexan centros singulares de investigación ou agrupacións estratéxicas. Porén, non se establece unha contía mínima definida para cada categoría. A contía mínima resulta relevante co obxecto de garantir un financiamento basal suficiente para as propostas que obteñan financiamento.

Así mesmo, o artigo 20.2 establece que para a xustificación das axudas concedidas será necesario que as universidades beneficiarias expidan, con data límite do 30 de novembro, a documentación que se sinala nese punto. Tendo en conta que o prazo de presentación de solicitudes rematou o 30 de setembro de 2016 e a dificultade técnica de avaliación das solicitudes, procede modificar o dito artigo 20.2 e ampliar o prazo ata unha data que permita a mellor xustificación do gasto no ano 2016.

Esta modificación non implica a apertura dun novo período de presentación de solicitudes, posto que xa se presentaron todas as posibles candidaturas que reunían os requisitos establecidos na convocatoria.

[Para máis información preme aquí:](#)

7. PROXECTOS DE FORMACIÓN PARA O PROFESORADO DE FP PARA O CURSO 2016/2017



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PROXECTOS DE FORMACIÓN PARA O PROFESORADO DE FP PARA O CURSO 2016/2017

Publicada a convocatoria de proxectos de formación específicos para o profesorado que imparte docencia nas ensinanzas de formación profesional en centros públicos para o curso 2016-2017

- [Bases da convocatoria dos proxectos de formación](#)

[Para máis información preme aquí:](#)

8. FORMACIÓN

CURSOS VÁLIDOS PARA OPOSICIÓNS



CURSOS HOMOLOGADOS UNIVERSIDADE

CSI-F ofréceche unha nova oferta en cursos homologados on-line, dirixidos a opositores, funcionarios e interinos docentes, cos que podes completar a túa formación docente.

Cursos HOMOLOGADOS cunha duración de 101 horas e de 31 horas.

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



NOVAS DE ENSINO



Do 26 de outubro ao 02 de novembro de 2016

CURSOS DIRIXIDOS A TODOS OS NIVEIS EDUCATIVOS.

Completamente on-line. 24 horas, 7 días á semana.

Materiais actualizados.

Avaliación aplicada á práctica docente.

Relación directa cos titores.

Duración dos cursos adaptada á normativa das distintas Comunidades Autónomas.



Certificación en 30 días.

VÁLIDOS E PUNTUABLES como mérito en listas de interinos, bolsas de traballo e oposicións das distintas Comunidades Autónomas (segundo convocatoria de cada CC.AA., baseado en apartado III Outros Méritos do Anexo I do R.D. 276/2007).

CONVOCATORIAS MENSUAIS

Accede a toda a **INFORMACIÓN** sobre as convocatorias

9. AMPLIACIÓN DE TITULACIÓN E NOVO PRAZO PARA INTERINIDADES E SUBSTITUCIÓN DE SISTEMAS E APLICACIÓN INFORMÁTICAS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Ampliación de titulación e apertura dun novo prazo para solicitar prazos de interinidades e substitucións para impartir docencia na especialidade de Informática na especialidade de Sistemas e aplicacións informáticas

Anuncio do 19 de outubro de 2016, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a ampliación de titulación e se abre un novo prazo para solicitar prazos de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade 590107-Informática, e no corpo de profesores técnicos de formación profesional na especialidade 591227-Sistemas e aplicacións informáticas.

Prazo: **será de dez días naturais** contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG.

Para máis información preme aquí:

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



NOVAS DE ENSINO



Do 26 de outubro ao 02 de novembro de 2016

10.5º CONCURSO DE CÓMIC TORRENTJOVE



5º CONCURSO DE CÓMIC TORRENTJOVE

Periodo de inscrición

Del 18/10/2016 al 12/11/2016

Información

La Concejalía de Juventud del Ayuntamiento de Torrent, con el objetivo de fomentar la

creatividad y promover la ilustración y el relato gráfico, convoca el 5º Concurso de Cómic TorrentJove, en el que podrán participar, individualmente o en equipo, jóvenes entre 12 y 35 años.

Las obras deben ser originales e inéditas y no premiadas en otro concurso. Dos modalidades:

De temática, estilo y género libre.

De temática específica: Contra la violencia y el maltrato. A favor de la dignidad de las personas y los animales. Relatos que narren situaciones con el tema indicado. Cuenta una pequeña historia por unas relaciones en igualdad y contra el maltrato.

Se admitirán obras realizadas con cualquier técnica y soporte. Extensión máxima de cuatro páginas DIN A4, por una cara y a una tinta o en color. Se admitirán hasta dos obras por participante o colectivo.

Dotación

Modalidad libre: Premio de 200 euros para participantes entre 12 y 16 años. Premio de 500 euros para participantes entre 17 y 24 años. Premio de 500 euros para participantes entre 25 y 35 años. Modalidad específica: Premio sin distinción de edad con una dotación económica de 1.200 euros.

[Para más información preme aquí:](#)

ENLACES DE INTERESE:

[CSIF Nacional Enseñanza](#)

[CSIF Galicia Ensino](#)

[Blog Ensino Pontevedra](#)

[Herald Toupeiras](#)

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



DEFENDENDO O PÚBLICO

CSI•F Unión Provincial A Coruña
Rúa Bugallal Marchesi, 5 - Entre chan, der.
15008 A Coruña
Tel. 981 134 113
Fax: 981 060 324
ense15@csi-f.es

CSI•F Unión Autonómica Galicia
Rúa do Valiño, 65 - baixo
15707 Santiago de Compostela
Tel. 981 560 951 Fax: 981 575 140
ense77@csi-f.es

CSI•F Unión Provincial Lugo
Rúa Conde, 2 - Baixo posterior
27003 Lugo
Tel. 982 250 169 982 254 859
Fax: 982 245 521
ense27@csi-f.es

CSI•F Unión Provincial Pontevedra
Rúa Marqués de Riestra, 18 - Entre chan
36001 Pontevedra
Tel. 986 896 900
Fax: 986 896 901
ensino36@csi-f.es

CSI•F Unión Provincial Ourense
Rúa Progreso, 145 - Entre chan
32003 Ourense
Tel. 988 241 111
Fax: 988 213 538
ense32@csi-f.es

NOVAS DE ENSINO

